

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 27 DE ABRIL DE 2018

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/382/2018.- FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Denegar a licenza para a intervención na cuberta (execución dunha nova estrutura) e conceder licenza para restauración de cubertas do templo: nave principal e cruceiro da catedral na Praza do Obradoiro nº 3.

LAP/400/2016.- PETROPRIX ENERGIA, S. L.- Conceder licenza de obras para implantar unha unidade de subministro desatendida para distribución minorista de combustible en rúa de Amio nº 142.

LIC/137/2018.- AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA.- Conceder licenza de obras para adecuación estrutural do palco do auditorio do Monte do Gozo.

DESFAVORABLE.-

LIC/399/2014.- M^ª DOLORES ROJO CABANA.- Denegar licenza de obras para reforma de cuberta do inmovible sito na rúa do Home Santo nº 36.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á denegación de licenza para a intervención na cuberta (execución dunha nova estrutura) e conceder licenza para a restauración de cuberta do templo: nave principal e cruceiro da catedral na Praza do Obradoiro, nº 3. LIC/382/2018. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á solicitude de licenza de obras para implantar unha unidade de subministro desatendida para distribución minorista de combustible na rúa de Amio, nº 142. LAP/400/2016. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á solicitude de licenza de obras para adecuación estrutural do palco do auditorio do Monte do Gozo. LIC/137/2018. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á denegación de licenza de obras para reforma do inmovible sito na rúa do Home Santo, nº 36. LIC/399/2014. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á transmisión da licenza de taxi número 93, da titularidade de don LUÍS ÁNGEL VARELA NÚÑEZ, a favor de don JOSÉ MANUEL FRANZA LAMAS. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa ás alegacións presentadas e á aprobación provisional da modificación puntual do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica (PE-1) para limitar os aloxamentos de carácter temporal no seu tecido residencial. Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á continuidade da prestación dos servizos derivados do contrato dos expedientes sancionadores en materia de tráfico viario urbano de Santiago. Apróbase a continuidade da prestación de servizos por un prazo máximo de nove meses ou ata que o contratista se faga cargo do novo contrato.

9 a 72.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana. Apróbase a proposta.

73.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa ao requirimento á empresa NOYAMÓVIL, SL., adxudicataria do contrato de "Subministro de vehículo furgón para atestados e vehículo todoterreo para Protección Civil así como o seu mantemento, mediante arrendamento (RENTING), para o Concello de Santiago", para que abone cantidade polos quilómetros non consumidos. Requíreselle á empresa Noyamóvil para que abone a cantidade de 859,26 euros, sen IVE, polos quilómetros non consumidos durante o terceiro ano de arrendamento respecto dos quilómetros/ano estimados para cada vehículo.

74.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa ao requirimento á empresa MONFORTE, SL., adxudicataria do contrato de "Subministro de varios vehículos e o seu mantemento, mediante arrendamento (RENTING), para o Concello de Santiago-lote II", para que abone cantidade polos quilómetros non consumidos. Requíreselle á empresa Monforte SL para que abone a cantidade de 745,54 euros, IVE engadido no conxunto de todos os vehículos, polos quilómetros non consumidos durante o cuarto ano de arrendamento respecto dos quilómetros/ano estimados para cada vehículo.

75.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución de fianza de "Prestación do servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais adscritos á xestión do Departamento Municipal de Deportes". Apróbase a proposta.

77.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á sinatura do convenio de colaboración entre a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e a Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo do Concello de Santiago, para a promoción e celebración do programa "COMPOSTELA MÓVESE 2018" en Gaiás Cidade da Cultura de Galicia. Apróbase a sinatura do convenio de colaboración.

78.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía para dar conta da xustificación da subvención correspondente á convocatoria do programa de subvención a Concellos e Entidades Locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais 2017. Dase conta.

79.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato de "Obras de rexeneración do pavimento de calzada do eixo das rúas Ponte Marzán-Sandino-Cruceiro de Sar". Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL, por un importe de 356.718,39 euros, IVE incluído.

80.- Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deporte e Benestar Animal relativa á xustificación presentada do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Refuxio de Animais, ano 2017. Acórdase dar por válida a xustificación.

81.- Proposta da alcaldía relativa ao nomeamento de representantes do Concello de Santiago para asistir ás reunións do Protocolo de intencións para a colaboración entre os concellos de Muros, Outes, Noia, Porto do Son, Lousame, Rois, Brión, Ames e Santiago de Compostela, para a promoción conxunta do "Camiño de Santiago pola ría de Muros a Noia". Propónse a Jorge Duarte como titular e a Marta Lois como suplente para asistir ás reunións en representación do alcalde.

URXENCIAS

1.-Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación da memoria xeral de actividades que conforman a programación das Festas da Ascensión 2018. Apróbase a memoria así como o orzamento aproximado de 230.255,28 euros.

2.-Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deportes e Benestar Animal relativa á prórroga do contrato para a prestación do servizo de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais. Acórdase prorrogar o contrato asinado coa empresa Lacera polo prazo de 15 días a contar desde o 1 de maio ata o 15 de maio de 2018. O gasto ascende á cantidade de 19.146,61 euros.

3.-Dar conta da resolución de alcaldía para aceptar a petición de cese presentada pola Interventora Xeral do Concello de Santiago. Dáse conta da resolución da alcaldía para aceptar a petición de dona Inmaculada Viña Carregal e cesala no cargo de Interventora Xeral d Concello de Santiago, e adscribirla ao posto de traballo de Xefatura de Servizo da Área de fomento e promoción económica do Concello, na que desempeñará funcións e tarefas propias da súa especialidade profesional.

4.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade para rexeitar a folia de aprecio formulada por dona María Fernández Botana para a expropiación por ministerio de lei dunha parcela cualificada con zona verde V-19. Apróbase a proposta.